

0. INTRODUCCIÓN BLOQUE III

Neste bloque III presentamos recursos e materiais mínimos para poñer en marcha un servizo deste tipo. Así mesmo, sinalaranse as pautas a ter en conta para a elaboración de novos recursos. Aparece organizado en 3 temas, que se corresponden cos temas 6, 7 e 8 do curso. A distribución dos contidos realízase en base as fases de implantación do servizo comentadas nos temas anteriores:

- Tema 6: coméntanse os recursos e materiais para as fases 1,2,3. É dicir, dirixidos a sensibilizar á Comunidade Educativa, sobre a necesidade do servizo, a súa integración nos plans do centro e pensados para realizar unha análise da convivencia no centro

- Tema 7: preséntanse recursos para a fase 4 (a selección e formación dos/as mediadores/as).

- Tema 8: Neste tema comentaremos algúns dos materiais imprescindibles para o funcionamento e organización adecuada do servizo (fase 5). Finalmente para desenvolver as fases 6 e 7 (seguemento e avaliación do servizo) necesitamos dispoñer de recursos que faciliten os procesos de axuste, mellora e consolidación do servizo; algúns dos posibles serán mostrados neste tema.

Tema 6: Materiais e recurso para o servizo de mediación (I)

Obxectivos:

- Reflexionar sobre os recursos necesarios para organizar un servizo e mediación escolar.
- Concretar as pautas necesarias para a súa elaboración.
- Descubrir tipos de recursos e materias útiles para a fase de concienciación da Comunidade Escolar.
- Iniciarse na elaboración de materiais e recursos.

Contidos:

- Materias e recursos: dípticos, pósters, infogramas, ...
- Descrición das pautas para elaboralos.
- Análise de materiais para a fase de concienciación.
- Iniciación na elaboración de materiais.

Indicadores de avaliación da UD:

- Valorar a importancia dos materiais para o bo funcionamento do servizo.
- Coñecer as características e pautas para elaboralos.
- Elaborar algún material: infograma, díptico,

TEMA 6:

1. ÍNDICE DE CONTIDOS

A. O materiais e recursos.

- Características e pautas

B. Materiais e recursos para a concienciación da necesidade do servizo:

B.1. Materiais para a fase 1.

B.2. Materiais para a fase 2.

B.3. Materiais para a fase 3.

A. : Os materiais e recursos.

- Características e pautas:

A implementación dun programa deste tipo debe de ser unha necesidade sentida pola Comunidade Educativa do centro, e non percibirse, como unha demanda da administración educativa ou a idea novidosa dun grupo reducido de persoas, polo tanto este primeiro momento de sensibilización e axuste á realidade de cada centro do funcionamento do servizo será clave para que se consolide.

Polo tanto, a implementación ten que ir precedida dun traballo de toma de conciencia da comunidade Escolar, pero moi especialmente, nun primeiro momento, polo equipo docente, que vai ser o sostén do mesmo. Pensemos que o que estamos propoñendo é un cambio de paradigma na visión e xestión dos conflitos e unha aposta real e potente pola educación en valores e pola educación para a paz.

O anterior, non supón de ningunha maneira que nos olvidemos dos/as outros/as actores e actrices: o alumnado que debemos ir sensibilizando pois eles/as van a ser os/as protagonistas e as propias familias que deben comprender a proposta para qu e poidan apoiala. Polo tanto:

- O servizo de mediación necesita un banco de documentos que hai que elaborar, pensados para cada unha das [fases de implantación do servizo](#).
- Na medida do posible, deben estar contextualizados no centro no que se van usar.
- Na elaboración e revisión dos recursos deben implicarse todos os membros do servizo de mediación.
- Estes materiais deben, como outros elementos do servizo ser avaliados e revisados de maneira cíclica.

B. Materiais e recursos para a concienciación da necesidade do servizo:

No tema 3 do curso, analizamos algunhas vías para conseguir esa concienciación. Imos presentar exemplos dos documentos, en base a esa proposta. É importante considerar que as tres primeiras fases están moi interrelacionadas, poden realizarse de forma simultanea, xa que deste modo darán orixen a sinerxías, que favoreceran o proceso de concienciación e sensibilización da Comunidade Educativa da necesidade de esforzarse por xestionar adecuadamente a convivencia no centro. Sen embargo, por razón de tipo didáctico imos dividir esta momento en tres (Fase 1,2,3).

B.1. Materiais para a fase 1 (a sensibilización da comunidade escolar).

- Presencia de cartelería que anuncie o servizo, e que pode adoptar algunhas destas posibilidades:
 - Anuncios, elaborados polo alumnado.
 - [Dípticos informativos sobre o servizo](#).
 - Publicidade sobre o servizo.
 - Pósters publicitarios.
 - Creación dun [logotipo](#) que identifique ao servizo e os/as mediadores/as.
 - Elaborar [Infograma](#) que resuma os diversos aspectos do servizo (proceso de mediación, secuencias argumentativas, ...)
 - Ubicación de carteis en diversas zonas do centro: pomas das portas, reparto de marcadores de páxinas, ...
 - [Código deontolóxicos](#) do/a mediador/a.

B.2. Materiais para a fase 2 (a integración do servizo nos plans do centro):

- Documento de análise do nivel de integración nos plans do centro. Elaborar unha INFOGRAFÍA para observar como é recollida no plan de convivencia

B.3. Materiais para a fase 3 (análise da convivencia no centro).

Todos estes recursos teñen como obxectivo recoller de todos os sectores da Comunidade Educativa do centro, as distintas visións, para poder comparalas e articular medidas integrais que sexan sentidas por todos. Reflexionar sobre a perspectiva que teñen os distintos sectores sobre o tema, axuda xa á concienciación. Estes instrumentos poden completarse, tal como sinalamos no tema 3, con entrevistas abertas ou coa análise doutros documentos do centro (partes de falta, plan de convivencia, ...)

Con relación aos cuestionarios, imos presentar as pautas que debemos coidar, se queremos adaptar un dos moitos xa existentes na rede.

O obxectivo xeral da análise será coñecer como é a convivencia no centro, cales son os problemas, que estratexias de resolución utilizamos, que melloras propoñemos.

Pautas xerais para todos os cuestionarios:

- ✓ Ser anónimos dentro de cada sector.
- ✓ Con instrucións claras e breves, sobre como contestalo.
- ✓ Preguntas con frases concisas.
- ✓ Evitar as preguntas inductivas, que serían aquelas que, con ou sen intención, guían ao enquisado a unha resposta.
- ✓ Cun número de preguntas adecuado, as suficientes para abordar todas as dimensión que queremos tocar pero sen chegar a cansar ao que responde.
- ✓ Cun límite de opcións de resposta. Se podemos optar unha información útil e confiable ofrecendo tres opción, é preferible que ofrecer cinco alternativas.
- ✓ Evitar, na medida do posible, os tecnicismos. Procuraremos utilizar palabras claras e sinxelas.
- ✓ Evitar **preguntas** con dúas respostas.

- Cuestionarios para o profesorado
 - [Exemplo.](#)
- Cuestionarios para o alumnado.
 - [Exemplo.](#)
- Cuestionarios para as familias.
 - [Exemplo.](#)